

MANUAL DOCENTE coñece a minaría de Galicia

EDUCACIÓN
INFANTIL
2018-19

PARA MÁIS INFORMACIÓN:

www.camaramineira.org

www.minariasostible.gal

Minaría Sostible de Galicia

Unha iniciativa para a promoción
do sector mineiro a través da
investigación e a divulgación



CÁMARA OFICIAL
MINEIRA DE GALICIA

co patrocinio de:



XUNTA
DE GALICIA

Minaría Sostible
de Galicia



QUE É A CÁMARA MINEIRA

A **CÁMARA OFICIAL MINEIRA DE GALICIA (COMG)** é una corporación de dereito público e un órgano consultivo dos poderes públicos, tutelada pola Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

A COMG representa ao sector industrial da minaría en Galicia, no que se inclúen os subsectores dos áridos, as augas minerais, os balnearios, a cerámica, os produtos enerxéticos, os minerais metálicos, o granito ornamental, a lousa e as rochas industriais. **O OBXECTIVO** é procurar un mellor aproveitamento dos nosos recursos xeolóxicos para maximizar os seus beneficios para o conxunto da sociedade galega.

UN SECTOR EXTRATÉXICO

Os recursos xeolóxicos son todos aqueles bens naturais que se extraen directamente da terra. Son materiais de dominio público que forman parte da nosa riqueza, constituíndose nas materias primas utilizadas na maior parte da industria, da enerxía e da construción.

A minaría de Galicia aproveita os recursos de maneira **RACIONAL, ORDENADA e EFICIENTE** para causar un mínimo impacto no medio ambiente. A investigación e o aproveitamento dos recursos xeolóxicos está, na maioría dos casos, declarada de utilidade pública debido ao seu impacto na economía e o emprego. A execución destas actividades está levada a cabo por iniciativas privadas, mediante concesións ou autorizacións, e baixo a estrita supervisión e control da Administración.



A QUEN VAI DIRIXIDO



As actividades van dirixidas a nenos de Educación Infantil.

DESCRIPCIÓN DO LIBRO



A través de fotografías e debuxos, describirase a labor que se leva a cabo nas minas, cales son os minerais que se extraen e para que son empregados. Coas actividades propostas, os alumnos coñecerán como a minaría impacta no día a día das persoas.

Ademais, os escolares serán capaces de familiarizarse co mundo mineiro: desde o coñecemento sobre que son os minerais e as minas ata a maquinaria que se emprega para traballar e incluso sobre todos aqueles produtos que utilizan na súa vida cotiá que proveñen de minas.

OBXETIVOS DIDÁCTICOS



- Explicar aos alumnos que son as minas de maneira sinxela e amena.
- Coñecer que son os minerais e onde se extraen.
- Explicar para que se empregan os produtos na vida cotiá.
- Describir os procesos de restauración e rehabilitación dos procesos mineiros.